

COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **21 de xuño de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 21 de xuño de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro (en substitución de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas) e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. ^a M. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. Adolfo González Nóvoa	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTORA ACCTAL:	
D. ^a Begoña Álvarez Matos	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MAIO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de maio de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA A PRESTARLLES APOIO INSTITUCIONAL E ECONÓMICO AOS AFECTADOS POR TEA E ÁS SÚAS FAMILIAS.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que por parte da Deputación de Ourense se redacte unha proposta de convenio coa Asociación Por Eles TEA Ourense, tendo en conta as súas necesidades e problemática, comprometendo unha partida orzamentaria para tal efecto, que garanta que poidan iniciar e continuar co seu proxecto educativo e evolutivo integral.

2º.- Que a Deputación proceda a iniciar, á maior brevidade posible, os trámites oportunos para a creación e posta en funcionamento na provincia de Ourense, de polo menos 6 razas (con persoal fixo e especializado) nun centro de día específico para os adultos afectados por TEA, establecendo os concertos necesarios coa Xunta de Galicia e as asociacións sen ánimo de lucro afectadas, no marco das súas competencias.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, pregunta se se lle pode explicar en que consiste o proxecto europeo empregOU II, que figura na orde do día da Xunta de Goberno do día 22 de xuño, que lles foi remitido esta mañá.

O **presidente da comisión** explica que se trata dunha convocatoria de concorrência competitiva do Fondo Social Europeo, para entidades locais de máis de 20.000 habitantes e deputación, ao que esta Deputación entendeu que non se podía renunciar, polo que nos últimos días se estivo ultimando o proxecto que se leva mañá a aprobación da Xunta de Goberno. En liñas xerais trátase dun proxecto de emprego, especialmente para sectores vulnerables e prevese nun prazo de execución de 18 a 24 meses se é aprobado.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, pregunta, en relación co programa de cooperación en materia de empregabilidade, se existe o modelo de cartel previsto nas bases.

O presidente da comisión indica que se lles requirirá ao servizo tramitador para que informe sobre esta cuestión, se ben entende que na páxina web debe estar dispoñible o dito modelo.

E, ás 17:06 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.